

AMARGA NAVIDAD

Pedro Almodóvar, 2026

1701

ESTREA EN NUMAX: 20.03.2026 | V.O. | +12 | 110 min

Elsa é unha directora de publicidade cuxa nai morre durante unha longa ponte do mes de decembro. Encontra refuxio no traballo, aínda que é máis ben unha fuxida cara a diante. Até que unha crise de pánico a obriga a se deter e impor un repouso. A súa parella, Bonifacio, é a súa táboa de salvación neses momentos de crise. Ela decide viaxar á illa de Lanzarote acompañada pola súa amiga Patricia, que tamén precisa afastarse de Madrid, mentres que Bonifacio fica na cidade. A historia destes tres personaxes, e algúns máis, nárranse paralelamente á do guionista e director de cinema Raúl Durán, mesturando ficción e realidade

«Un filme sobre un vampiro de historias que non logra ser feliz volvendo aos lugares nos que unha vez o foi. Todos menos un: o cinema»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



Entrevista con Pedro Almodóvar: «Non falar de política cando tes un altofalante como autor, é un modo de colaboracionismo»

Por Luis Martínez

Amarga Navidad é unha volta a rodar en español con quizais a máis persoal de todas as súas películas...

Todas as miñas películas son persoais. Pero si, é certo, o protagonista ten o meu mesmo traballo e moitas das súas cousas adóptaoas como propias. Sexa como sexa, as miñas películas sempre empezan con algo que vivín.

Dolor y gloria xurdía da imaxe de min mesmo mergullado nunha piscina. Esta arrinca cunha cefalea terrible unida a unha crise de pánico. E iso é algo que eu sufrín persoalmente. Todo iso inspírame igual que o que vexo ou o que leo. Pero o que fago é poñelo todo en brazos da ficción. Entón, todo muda. Nesta película falo dun director de cinema que ten, á súa vez, o alter ego dunha directora de cinema e, en consecuencia, hai alusións constantes ao cinema que subscribo plenamente. Pero nunca fixen cinema confesional. É máis, o que me preocupa de verdade é o misterio que hai na xénese de toda obra. A relación entre a inspiración e a realidade é algo que me interesa moito desde sempre. O que pasa é que aquí o abordo dun modo absoluto. Diría que eu estou totalmente dentro da película, pero nunca dun modo literal.

Non debemos entender entón o que vemos como literalmente autobiográfico...

Porei un exemplo. Cando en *Dolor y gloria* o personaxe da nai dille a Antonio que non é o fillo que lle gustaría ter, non falo de min de forma literal. Iso non mo dixo xamais a miña nai. Pero sèrveme para falar da estrañeza. Estaba a referirme á estrañeza doutros ollos cara a min, que eran os ollos da xente do pobo, despois os ollos dos nenos no colexio e despois os ollos da xente de Madrid cando cheguei aquí, aínda que había moitas máis persoas coma min. Durante moito tempo tiveron que enfrontarme a esa mirada de estrañeza.

Volvendo a Amarga Navidad, aí bota man de historias xa non son só súas, propias e moi persoais, senón da xente máis próxima. Pregúntome se a arte, a creación, pode xustificalo todo. De forma xeral creo que non. Non debe xustificalo todo. Pero como creador, o que máis me afecta e máis me inspira é a xente da miña contorna, é dicir, a xente que quero. Esa cuestión está formulada na película cando o protagonista afirma que só sabe traballar na máis absoluta liberdade. Pregúntanlle entón: caía quen caía? E o personaxe do director non contesta. Eu, como el, tampouco teño unha resposta clara. O que si digo é que a xente que escribimos somos xente perigosa para a nosa contorna. Está na natureza do traballo. O outro día nunha entrevista a Emmanuel Carrère, este dicía que unha familia que teña un escritor dentro é unha familia con moitos problemas. Explícao moi ben Iván Zulueta en *Arrebato*. Cando aparece o fotograma vermello non te podes resistir á chamada da trama. Non hai forza que resista esa chamada. É un egoísmo total. A creación é así de fodida. Aínda que sempre pensei que se fixese mal a alguén, creo que me decataría a tempo para pedir perdón ou simplemente deixar de facelo.

Falemos agora de Wim Wenders, presidente do xurado do Festival de Berlín, que se mostrou contrario a que os cineastas faledes de política. Que opina? Non o subscribo en absoluto. Os autores temos opinión porque somos cidadáns como calquera outro e temos dereito a expresala. Paréceme terrible e escandalosa unha declaración así. Non falar de política cando tes unha cátedra e un altofalante como autor, é un modo de colaboracionismo. Menos mal que houbo reacción. Aínda que foi unha pena que a polémica acabase por fagocitar o verdadeiramente importante que eran as películas. É gravísimo sobre todo polo momento que vivimos. Nunca antes que agora foi tan importante expresarse politicamente.